

A negativa ou resistencia a subministrar datos ou a facilita-la información requirida polas autoridades competentes ou polos seus axentes para o cumprimento das funcións de información, vixilancia, investigación, inspección, tramitación e execución ñas materias a que se refire a presente Ordenanza, así como o subministro de información inexacta ou documentación falsa.

5. Hai reincidencia cando se comete unha infracción análoga a que motiva a sanción anterior no prazo do ano seguinte á notificación desta. En tal suposto requirirase que a primeira resolución sancionadora houbese adquirido firmeza en vía administrativa.
6. A aquelas infraccións á presente Ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias, seranlles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no amentado texto legal, así coma naqueles dictados que o desenvolven.

Artigo 34.—Terá carácter supletorio desta Ordenanza o disposto para o efecto no Real Decreto 199/2010 de 26 de febreiro, por el que se regula el exercicio de la venta ambulante ou non sedentaria e demais normas concordantes na materia.

O Porriño, 29 de outubro de 2012.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2012010384

A N U N C I O

Rematado o período de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno do Concello do Porriño en sesión de data 27 de agosto de 2012 sobre a aprobación inicial da "ORDENANZA REGULADORA DE PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS", sen que se presentaran reclamacións; por medio do presente publicase, no "Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOP)", o texto integro da ordenanza, que a continuación se transcribe literalmente, e faise saber que devandita ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto integro e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ORDENANZA DO CONCELLO DO PORRIÑO DE PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As posibilidades de intervención das Corporacións Locais en materia de emprego e formación de activos desempregados/as e a ocupación e loita contra o paro, para tratar de lograr unha paliación ou minoración do desemprego nos municipios, un dos principais problemas que ten hoxe en día á sociedade, entra dentro das competencias propias dos concellos que quedan aseguradas polo principio de autonomía local garantido pola Constitución Española no artigo 140, e recollido na Carta Europea de Autonomía Local, feita en Estrasburgo 15 de outubro de 1985, no seu artigo 3º.1 que define a autonomía local como "o dereito e a capacidade efectiva das Entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes"; e polo principio de subsidiariedade contemplado no artigo 4º. 3 da cita da Carta europea que determina que "o exercicio das competencias públicas debe, de modo xeral, incumbir preferentemente ás autoridades máis próximas aos cidadáns", e concretadas na Lei 5/ 1997 do 22 de xullo sobre a Administración Local de Galicia nos artigos 80.2 b) e 86.1 f), que establecen como competencias propias dos concellos, as de "participación na formación de activos e desempregados/as" e "a ocupación e a loita contra o paro".

En plena fase de recesión económica, con elevados índices de paro, déficit e inflación os concellos deben asumir un papel activo e de liderazgo na vida local das súas respectivas comunidades na creación de condicións favorables para o desenvolvemento económico local, converténdose no primeiro dinamizador socioeconómico no chanzo local e abrindo canles de intervención e participación das Corporacións Locais en materia de emprego, formación de activos desempregados/as e a ocupación e loita contra o paro.

O Concello do Porriño, dentro desas canles de intervención e participación, consciente das súas responsabilidades ante o problema de desemprego que se ven padecendo na súa comunidade, xa ven tomando posicións nesta materia, a través da súa Concellería de Emprego e Formación que ten por finalidade a xestión da actividade municipal nos ámbitos da formación para o emprego, a orientación e inserción laboral, a promoción económica e empresarial e a investigación socioeconómica.

Por outra banda, a responsabilidade social empresarial cada vez adquire máis importancia dentro dos plans estratéxicos das empresas, non só como un instrumento de reforzo da competitividade, senón tamén a través do estímulo a un bo goberno corporativo destas, que se converte en instrumento impulsor da sostibilidade económica, social e ambiental.

Resulta conveniente e necesario por isto articular medidas que incrementen as oportunidades de emprego, medidas que deben contribuír a facilitar o seu acceso ao mercado de traballo, á ocupación e á adquisición de práctica laboral nun ámbito real. Neste sentido, é unha responsabilidade dos poderes públicos e dos axentes que interveñen no mercado de traballo, especialmente as empresas, deseñar e colaborar no impulso de actuacións que favorezan a súa empregabilidade.

En consecuencia o Concello do Porriño consciente da especial gravidade do desemprego no noso mercado de traballo e sensible as necesidades sociais e económicas da súa comunidade local, no ámbito das súas competencias propias e no exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que lle atribúe a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local no artigo 4.1.a), regula e desenvolve mediante esta ordenanza as prácticas non laborais por parte das persoas desempregadas con nula ou escasa experiencia laboral, e inscritas no programa Porremplego da Concellería de Emprego e Formación do Concello do Porriño, nas empresas que celebrasen previamente convenios co Concello do Porriño.

ARTIGO 1.—OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O obxecto desta ordenanza é regular e establecer os criterios de actuación para a xestión, control e seguimento das prácticas non laborais en empresas de persoas desempregadas con nula ou escasa experiencia laboral, no ámbito de xestión do programa Porremplego da Concellería de Emprego e Formación do Concello do Porriño.

Estas prácticas non laborais non supoñen, en ningún caso, a existencia de relación laboral entre a empresa e a persoa desempregada que realice as prácticas.

ARTIGO 2.—DESTINATARIOS/AS DAS PRÁCTICAS NON LABORAIS

As persoas desempregadas inscritas no programa Porremplego da Concellería de Emprego e Formación do Concello do Porriño.

ARTIGO 3.—CONVENIO ENTRE EMPRESAS/CONCELLO DO PORRIÑO, E ENTRE EMPRESA/DESTINATARIO DAS PRÁCTICAS NON LABORAIS/A E CARACTERÍSTICAS DAS PRÁCTICAS

1. A empresa asinará co destinatario das prácticas non laborais un convenio no que se definirá o contido concreto da práctica a desenvolver, a duración da mesma, as xornadas e horarios para a súa realización, o centro ou centros onde se realizará, a determinación do sistema de titor/a e a certificación que recibirá ao finalizar as prácticas.
2. Previamente, a empresa asinará un convenio para a realización das prácticas non laborais co Concello do Porriño. A este convenio achegarase un programa de prácticas onde constará, polo menos, o contido destas, as datas, lugar de realización, horario e duración, o sistema de avaliación e titor/a, así como, no seu caso, o compromiso de contratación previsto no Artigo 14 desta Ordenanza.
4. O programa Porremplego da Concellería, ofrecerá ás empresas, a través dos técnicos de formación e de xestión de emprego, a información e documentación relativa a estas prácticas.

Así mesmo, ofrecerase, a través dos técnicos de orientación e en xeral de todos os traballadores e traballadoras de dita Concellería, no ámbito das súas correspondentes tarefas, a información que as persoas desempregadas precisen.

5. As empresas presentarán os convenios no programa Porremprego da Concellería, e unha vez corroborada a súa correcta cumprimentación, mecanizarase como PNL Ordenanza-CEFCPO indicando a data de inicio e final que figuren no Convenio. No caso de que as prácticas finalizasen antes da data estipulada, mecanizarase a data real de finalización e a súa causa.
6. Os Convenios, unha vez verificados e mecanizados, remitiranse ao Concelleiro de Emprego e Formación para a súa sinatura.
7. As prácticas profesionais non laborais terán unha duración de entre 15 días naturais a 1 mes natural coa posibilidade de prorrogarse ata un máximo de 3 meses.
8. Desenvolveranse en centros de traballo da empresa baixo a dirección e supervisión dun titor/a.
9. A empresa informará á representación legal dos traballadores sobre os convenios de prácticas non laborais subscritos cos destinatarios/as/as das prácticas non laborais e incluíraos no seu seguro de accidentes.

ARTIGO 4.—COMPENSACIÓN POR REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS NON LABORAIS

O Concello poderá destinar ata un máximo de 6 euros por alumno e hora de practicas para compensar a realización das mesmas nos termos e condicións que se determinen no convenio coa empresa. Esta compensación outorgarase mediante concesión directa polo Alcalde e segundo o previsto no artigo 14 desta ordenanza.

A xustificación da realización das prácticas realizarase ante o Concello do Porriño segundo os termos do convenio subscrito para o efecto.

ARTIGO 5.—AXUDAS DE TRANSPORTE

1. Poderán percibir unha axuda para o transporte as persoas desempregadas usuarias do programa Porremprego, que teñan a tarxeta activa e asistan as modalidades de prácticas-formación previstas nesta ordenanza. A contía da axuda será de 12€ por día de asistencia.

ARTIGO 6.—SOLICITUDE E CONCESIÓN DE AXUDAS

1. Poderán solicitar as axudas contempladas no artigo 5 as persoas desempregadas que participen nas prácticas reguladas desta ordenanza. A xestión e o aboamento destas axudas corresponderá o Alcalde. A súa concesión realizácese de forma directa, segundo o procedemento que se establece no artigo seguinte, logo de solicitude do interesado/a.
2. Constituirá causa de perda do dereito a percibir as axudas incorrer en máis de tres faltas de asistencia non xustificadas ao mes nas prácticas non laborais. En todo caso, non se terá dereito a percibir as axudas de transporte que corresponda aos días nos que non se asista ás prácticas non laborais.

ARTIGO 7.—PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

1. O procedemento iníciase a instancia de parte, mediante solicitude do interesado/a dirixida ao Concelleiro de Emprego e Formación ou órgano competente para resolver sobre o outorgamento das axudas, en réxime de concesión directa.
2. A forma en que debe presentarse a solicitude e a documentación que debe acompañala, a instrución e resolución do procedemento, así como a forma de pagamento axustaranse ao previsto na Lei 30 /1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
3. A resolución sobre a concesión destas axudas ditarase e notificarase no prazo de tres meses a contar dende a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do Concello.

4. Transcorridos os prazos sinalados no apartado anterior sen ditarse e notificarse resolución expresa, poderá entenderse desestimada por silencio administrativo a solicitude presentada, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en relación co artigo 28.2 da citada Lei.

ARTIGO 8.—OBRIGACIÓN DOS/AS CANDIDATOS/AS

1. Os candidatos/as estarán obrigados coa Empresa a:
 - a) Cumprir co horario establecido.
 - b) Respetar os regulamentos e normas da empresa.
 - c) Aproveitar ao máximo as posibilidades que lle ofrezan.
 - d) Realizar as liñas de prácticas e tarefas implícitas en cada unha delas.
 - e) Cumprir coas normas de prevención de riscos laborais.
 - f) Manter a confidencialidade sobre a información e documentos aos que poida acceder.
 - g) Desenvolver as prácticas e seguir as orientacións do titor/a das prácticas.
2. Os candidatos/as estarán obrigados co Concello do Porriño:
 - a) A aceptación ou renuncia das axudas, realizándose no programa Porremprego da Concellería de no prazo máximo de tres días hábiles a partir do día seguinte ao da notificación ao interesado/a de outorgamento da mesma, decaendo no seu dereito de non formalizala no devandito período.
 - b) Comunicar calquera eventualidade que se produza no transcurso da práctica (renuncia, inadecuación das prácticas, inexistencia de titor/a, etc.).
3. Os candidatos/as que renuncien á axuda antes de cumprir 2 días naturais, non terán dereito a percepción económica. Se a renuncia se producise unha vez superado o devandito límite, terán exclusivamente dereito á parte proporcional da prestación económica que lle corresponda, a cal se valorará en función do número de días de prácticas acreditadas no certificado expedido pola Empresa.
4. Os candidatos/as non terán, en ningún caso, vinculación ou relación laboral, contractual ou estatutaria nin co Concello do Porriño nin coa Empresa onde realicen as prácticas.

ARTIGO 9.—OBRIGACIÓN DAS EMPRESAS

1. A Empresa deberá ter licenza municipal de apertura da actividade de que se trate outorgada polo concello correspondente.
2. Non cubrir cos candidatos/as ningún posto de traballo nin ter ningún tipo de vinculación ou relación laboral, contractual ou estatutaria.
3. Cumprir as normas vixentes en todo o relativo á prevención de riscos.
4. Designar un Titor/a de Prácticas que deberá ser un profesional do equipo da empresa.

Este asignará as funcións a realizar polos candidatos/as durante as prácticas, ensinándoos e asistíndoos no que fora preciso e avaliando o seu aproveitamento.
5. Certificar tanto a Porremprego como ao alumno/a as funcións realizadas e o número total de horas de prácticas realizadas.
6. Ter unha póliza de seguro de accidentes dos candidatos/as a realizar as prácticas non laborais que cubra os riscos e a intervención quirúrxica, asistencia médica, e que deberá incluír riscos de traxecto ao lugar de realización das prácticas e contraeráse estrictamente durante o período de duración das prácticas en empresas.
7. As demais recollidas neste ordenanza.

ARTIGO 10.—OBRIGACIÓN DO CONCELLO DO PORRIÑO

1. O Concello do Porriño estará obrigado a comunicar ás persoas seleccionadas a concesión da subvención para que compareza ao obxecto de asinar a aceptación.
2. O Concello do Porriño, aboará á subvención mediante transferencia bancaria ao número de conta que os candidatos/as especifique no impreso de aceptación da devandita subvención e das prácticas, determinando neste mesmo documento tamén a obrigaón de devolución en caso de renuncia ou interrupción destas.
3. O Concello do Porriño cubrirá cun seguro de responsabilidade civil aos que estean a realizar as prácticas polos posibles desperfectos que poidan ocasionar os alumnos/as na empresa.
4. O Concello do Porriño remitirá á Inspección de Traballo e Seguridade Social correspondente comunicación dos candidatos/as que estean a realizar prácticas non laborais, con indicación do nome, N.I.F, empresa na que se realiza a práctica, data de inicio e data de finalización desta.

ARTIGO 11.—PROCESO DE SELECCIÓN DOS DESTINATARIOS/AS CANDIDATOS A REALIZAR PRÁCTICAS NON LABORAIS

A Concellería de Emprego e Formación do Concello do Porriño, será a responsable do proceso de selección dos/as candidatos/as para a realización das prácticas.

A selección realizarase tendo en conta os obxectivos fixados na planificación da devandita concellería, as características das prácticas en programación, as necesidades desas prácticas para os parados/as detectadas a través do programa Porremplego do Concello, da dispoñibilidade para o emprego e do principio de igualdade de oportunidades entre ambos sexos.

ARTIGO 12.—SELECCIÓN E AVALIACIÓN DOS CANDIDATOS/AS A REALIZAR AS PRÁCTICAS NON LABORAIS

- 1 A Concellería de Emprego e Formación do Concello do Porriño seleccionará ós candidatos/as inscritos no seu programa Porremplego segundo o perfil que solicite a empresa e de acordo co seguinte baremo e:
Terán preferencia para participar nas prácticas os seguinte colectivos:
 - a) Desempregados/as integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renta de integración social de Galicia: hasta 3 puntos.
 - b) Desempregados/as menores de 30 anos en especial as persoas demandantes de primeiro emprego ou aquelas sin cualificación profesional e maiores de 45 anos, en especial mulleres que queiran reintegrarse á vida activa: hasta 3 puntos.
 - c) Desempregados/as con discapacidade e emigrantes: hasta 3 puntos.
 - d) Desempregados/as coa tarxeta Porremplego activa: hasta 3 puntos.
 - e) Desempregados/as que remataron estudos universitarios ou algún módulo técnico no último ano desde a data de comenzo das prácticas: hasta 3 puntos.
 - f) Desempregados/as non perceptores de prestación ou subsidio por desemprego: hasta 2 puntos.
 - g) Mulleres desempregadas que acrediten a condición de vítimas de violencia: hasta 2 puntos.
 - h) Desempregados/as de longa duración (máis dun ano en situación de desemprego): hasta 2 puntos.
 - i) Desempregados/as cando non se encontren no suposto a): hasta 1 puntos.
 - j) Desempregados/as ex-autónomos que nos últimos dous anos teñan como mínimo un ano de cotización ao réxime de autónomos: hasta 1 punto
2. A Concellería de Emprego e Formación poderá realizar una entrevista persoal e curricular no proceso de selección dos/as aspirantes que se avaliara ata 3 puntos.

ARTIGO 13.—RESOLUCIÓN DA SELECCIÓN

A Concellería de Emprego e Formación do Concello do Porriño elevará a proposta de selección ao Sr. Alcalde para que dite a resolución pertinente que se fará pública nos taboleiro de anuncios do Multicentro de Torneiros e na páxina web www.porremplego.org, do Concello do Porriño. Esta resolución esgota a vía administrativa de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local (BOE de 03/11/1985). Contra a mesma poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo ante ou Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra non prazo de dous meses a partir da publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (BOE de 14/07/1998), ou potestativamente Recurso de Reposición ante ou Sr. Alcalde no prazo dun mes a partir igualmente da publicación da resolución segundo establece o artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE de 27/11/1992) na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14/01/1999).

ARTIGO 14.—CONTRATACIÓN DOS DESTINATARIOS/AS QUE REALICEN PRÁCTICAS NON LABORAIS

Os destinatarios/as candidatos/as desempregados/as ao finalizar as prácticas non laborais ou durante o desenvolvemento destas, poderán ser contratados baixo calquera modalidade de contratación, de acordo coa normativa vixente nese momento, ou, no seu caso, poderán incorporarse como persoa socia se as prácticas foron realizadas en cooperativas ou sociedades laborais.

Se, previamente, a empresa ou as cooperativas ou as sociedades laborais que desenvolven as prácticas incluíron no convenio de colaboración co Concello do Porriño un compromiso de contratar ou incorporar coma socio/a unha persoa desempregada participante nas prácticas ou de contratar ou incorporar coma socio/a polo menos o 50% das persoas desempregadas participantes nas prácticas, poderá ter dereito a unha subvención que compense os gastos derivados das accións de tutoría e avaliación de conformidade co establecido no artigo 4 deste ordenanza.

Se as empresas ou as cooperativas ou as sociedades laborais nas que se realicen as prácticas non contratasen ou inclúisen polo menos unha persoa participantes nas prácticas con compromiso de contratación ou non contratasen ou incorporan coma socio/a o 50% das persoas desempregadas participantes en ditas práctica non poderán participar en ningún outro programa de prácticas non laborais co Concello do Porriño igualmente sucederá para as cooperativas ou sociedades laborais que non fagan as incorporacións comprometidas no convenio.

Esta porcentaxe de compromiso de contratación poderase ver modificada mediante previo informe da Concellería de Emprego e Formación e Resolución da Alcaldía.

ARTIGO 15.—SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS NON LABORAIS

1. No convenio de prácticas, a empresa especificará os sistemas de avaliación e tutoría que vai utilizar durante o desenvolvemento das mesmas.
2. Desde o programa Porremplego da Concellería levarase a cabo unha visita á empresa co obxecto de realizar o seguimento desta e comprobar que se adecúa aos convenios asinados entre a empresa e a persoa desempregada destinataria das prácticas entre a empresa e o Concello do Porriño.
3. Para o efecto de poder realizar a correcta avaliación das prácticas, ao termo destas, e previa á súa certificación, a empresa entregará a Porremplego da Concellería de Emprego e Formación do Concello do Porriño unha memoria final descritiva do desenvolvemento das prácticas, na que se recollerá polo menos a seguinte información:
 - Porcentaxe de asistencia da persoa desempregada que realizou as prácticas non laborais.
 - Horas reais de prácticas non laborais realizadas.
 - Breve descrición das tarefas efectivamente realizadas polas persoas desempregadas.

- Descrición relativa á consecución dos obxectivos.
- Metodoloxía utilizada para a verificación do grao de cumprimento dos mesmos.
- 4. A memoria final deberá ir asinada polo representante legal da empresa e o titor/a das prácticas.

ARTIGO 16.—ACREDITACIÓN DAS PRÁCTICAS NON LABORAIS REALIZADAS

Porremprego entregará as persoas que realizaron as prácticas non laborais un certificado/diploma ao abeiro da memoria final, no que constará a práctica realizada, a súa duración e o período de realización.

O programa Porremprego da Concellería de Emprego e Formación do Concello do Porriño levará un rexistro dos diplomas expedidos.

ARTIGO 17.—INCUMPRIMENTO E REINTEGROS

1. O incumprimento dos requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normas aplicables, así como das condicións que se establecesen na correspondente resolución de concesión ou, no seu caso, convenio ou acordo de colaboración, dará lugar á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou, previo o oportuno procedemento de reintegro, á obrigaón de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os intereses de demora correspondentes.
2. A gradación dos posibles incumprimentos a que se fai referencia no apartado anterior determínase de acordo cos seguintes criterios:

a) No suposto de incumprimento total:

O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a subvención ou da obrigaón de xustificación da mesma dará lugar ao reintegro do 100 por cento da subvención concedida. Igualmente considerátese que concorre o incumprimento total se a realización da actividade subvencionada non alcanza o 35 por cento dos seus obxectivos, medidos co indicador de número de horas de prácticas non laborais multiplicado polo número de destinatarios/as que realizaron as prácticas.

b) No suposto de incumprimento parcial:

O incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a subvención ou da obrigaón de xustificación da mesma dará lugar ao reintegro parcial da subvención concedida. Cando a execución do indicador mencionado no parágrafo anterior esté comprendido entre o 35 por cento e o 100 por cento a subvención concedida minorase na porcentaxe que deixase de cumprirse, sempre que os gastos fosen debidamente xustificadas.

ARTIGO 18.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

A obrigaón de reintegro establecida no artigo 17 entenderase sen prexuízo do previsto no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, no relativo a infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións, se concorresen as accións e omisións tipificadas na citada Lei.

As infraccións poderán ser cualificadas como leves, graves ou moi graves e levarán aparelladas as sancións que en cada caso corresponda de acordo co previsto nos artigos 59 e seguintes da citada Lei.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. LIMITACIÓN ORZAMENTARIA

O conxunto do gasto derivado da execución deste ordenanza estará limitado polas disponibilidades orzamentarias que anualmente se consignen no orzamento municipal co Concello do Porriño.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. NORMATIVA APLICABLE

En todo o non previsto na presente ordenanza serán de aplicación as disposicións de Réxime Local, a Lei 30 /1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba a Ordenanza de desenvolvemento da mesma; e calquera outra disposición normativa aplicable por razón da materia.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA. FACULTADES DE APLICACIÓN

O Pleno Corporativo e o Alcalde poderán dictar, nos seus respectivos ámbitos competenciais, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación da presente ordenanza. Así mesmo queda facultado o Alcalde para dictar e asinar cantas resolucións, instrucións e ordes, convenios, acordos ou calquera outros documentos que resulten necesarios para a adecuada xestión, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL CUARTA. ENTRADA EN VIGOR

O presente ordenanza que consta de dezaioito artigos e catro disposicións finais, entrará en vigor, unha vez aprobado definitivamente polo Pleno do Concello, e publicado o seu texto integramente no “Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra”, e transcorrido o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Porriño, a 29 de outubro de 2012.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2012010385

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE PRIMERA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN

De Pontevedra

Edicto notificación sentencia

Don Antonio Paz Fernández, Secretario del Juzgado de Instrucción número tres de Pontevedra.

Doy fe y certifico: Que en el juicio de faltas núm. 1243/12, se ha dictado la presente sentencia que en su encabezamiento y parte dispositiva dice:

“Sentencia 259/2012.—En Pontevedra, a trece de junio de dos mil doce.—Vistos por mí, Rosa García Prado, Magistrada Juez del Juzgado de Instrucción número tres de Pontevedra, los presentes autos del juicio de faltas seguido ante este Juzgado bajo el número 1243/2012 por la comisión de una falta de lesiones, con intervención del Ministerio Fiscal en el ejercicio de la acción pública, como denunciante, don Miguel Cortegoso Arias y como denunciado, don José Manuel Santiago Pérez.

Fallo: Que condeno a José Manuel Santiago Pérez como autor responsable de una falta de lesiones a la pena de 50 días multa a razón de una cuota diaria de 8 euros, y una responsabilidad personal subsidiaria en caso de impago de un día de privación de libertad por cada dos cuotas diarias no satisfechas, y al pago de las costas procesales”

Y para que conste y sirva de notificación de la sentencia al denunciado José Manuel Santiago Pérez, actualmente en paradero desconocido y su publicación en el Boletín Oficial de Pontevedra, expido la presente en Pontevedra, a veinticuatro de octubre de dos mil doce.—El Secretario Judicial, Antonio Paz Fernández.

2012010231

* * *